

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE DECEMBRO DO 2003.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de decembro do dous mil tres; as nove da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 22 de Decembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Circular Informativa 2/2003, do 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a construción dunha vivenda adicada a uso residencial vinculada a explotación agrícola, en San Cristovo, deste municipio, promovido por Don Javier Iglesias Sendín, a Comisión Municipal de Goberno, unha vez concluído o período de exposición o público, por unanimidade, acorda, remitilo devandito expediente a Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, toma coñecemento dos seguintes:

Resolución do Director Xeral de Formación e Colocación de data 16 de decembro pasado, recoñecemento o Concello de Ribadavia a condición de Centro Asociado ó Servicio Galego de Colocación.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

ADQUISICION DE INMOBLES NO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA O ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O I.G.V.S., XESTUR OURENSE S.A. E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REALIZACION DE OBRAS NO CONCELLO DE RIBADAVIA (2002-2003).- O Convenio ten por obxecto a

realización das actuacións necesarias para a realización de obras de mellora do medio urbano no casco histórico do Concello de Ribadavia conseguindo deste xeito o remate global de actuacións necesarias para a mellora xeral do mesmo. No anexo de actuacións establececese actuacións de edificios para rehabilitar. O artigo 8 das Ordenanzas do Plano Especial do Casco Histórico, regula as áreas de tanteo e retracto. Así establececese que "ó ámbito do Plano Especial ten carácter de área de tento e retracto", o cál cumplimentase co establecido na Lei do Solo de Galicia no seu Capítulo III regulado os "Dereitos e tanteo e retracto" (artigos 178 e ss). Consta no expediente ofrecemento de propietarios de dereito de tanteo sobre as súas propiedades así como informe pericial. Examinado o expediente tramitado o efecto, a Comisión Municipal de Goberno, de acordo coas competencias que ten atribuídas, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Exercer dentro do prazo conferido o efecto o dereito de tanteo ofertado polos propietarios dos inmobles que de seguido relacionanse coa súa referencia catastral e importe correspondente:

1.- Dona Dolores Dávila Pérez, con D.N.I. núm 34.445.547B e Dona Dolores Pérez Araujo, con D.N.I. núm 34.419.089A. Inmable sito na rúa dos Fornos nº 10. Referencia catastral núm. 0823807NG7802S0001WT. Importe 30.050,61 euros.

2.- Dona Emilia Consuelo Rodríguez Barros con D.N.I. núm 76.697.142P, Don Delmiro Rodríguez Barros, con D.N.I. núm 34.528.432G e Dona Maria del Carmen Rodríguez Barros con D.N.I. núm 34.548.666K. Inmable sito rúa Fornos núm 22. Referencia catastral núm. 0823711NG780250001UT. Importe de 18.000 euros.

3.- Dona Maria Campo Arias con D.N.I. núm 34.529.202S, Don José Diéguez Diaz con D.N.I. núm. 34.528.209B e Dona Justa Campo Arias con D.N.I. núm 34.529.202S. Inmobles sito rúa Fornos núm 24-26. Referencia catastral núm. 0823713NG780250002EY. Importe de 16.527,80 euros.

SEGUNDO.- De acordo coa cláusula segundo do Convenio de colaboración entre o I.G.V.S., Xestur Ourense S.A. e o Concello de Ribadavia para a realización de obras no Concello de Ribadavia (2002-2003), facúltase a Xestur Ourense S.A., para que adquira en nome e representación do Concello de Ribadavia ditos inmobles, debendo facer as xestións oportunas para a elevar os contratos a escritura pública de compravenda ante Notario e posterior inscrición no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO.- Proceder á súa inscrición no Inventario de Bens do Concello de acordo co que establece o artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

CUARTO.- Facultar o Sr.Alcalde para asine os documentos que sexan precisos para a execución de dito acordo.

APROBACION INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL DO PLANO PARCIAL DE ORDENACION DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA.- Vista a documentación presentada por Xestur Ourense, relativa a Modificación Puntual do Plano Parcial de Ordenación do Parque Empresarial de Ribadavia, redactado polo Arquitecto, Don José Martínez Rodríguez, a Comisión Municipal de Goberno, tendo en conta o Decreto da Alcaldía, de data 16 de xuño pasado, relativo a delegación de competencias a prol da Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual do Plano Parcial de Ordenación do Parque Empresarial de Ribadavia, redactado polo arquitecto, Don José Martínez Rodríguez.

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo dun mes dende a súa publicación no DOGA e dous dos xornais de maior circulación na provincia, en cumprimento do disposto no artigo 86.1 a) da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as nove e media da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.